

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

- 7765** *Real decreto lei 9/2015, do 10 de xullo, de medidas urxentes para reducir a carga tributaria soportada polos contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras medidas de carácter económico.*

I

A progresiva deterioración das finanzas públicas experimentada desde o inicio da crise económica fixo inevitable a adopción dunha serie de medidas a finais de 2011, mediante a aprobación do Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira, para a corrección do déficit público, dirixidas a pór as bases para a redución do desequilibrio orzamentario como punto de partida para conseguir a reactivación económica.

En tales circunstancias, cunha taxa de crecemento negativa do produto interior bruto, cun elevado déficit público, unha taxa de paro crecente e unha caída no número de ocupados, entre as medidas incorporadas ao ordenamento tributario polo citado Real decreto lei 20/2011, resultou ineludible o establecemento dun gravame complementario temporal á cota íntegra estatal no imposto sobre a renda das persoas físicas, aplicable para os períodos impositivos 2012 e 2013, posteriormente prorrogado para 2014 a través da Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2014, gravame que reforzou a progresividade dos impostos e requiriu dun notable esforzo por parte dos contribuíntes.

Unha vez estabilizadas as cifras de recadación tributaria, adoptáronse numerosas medidas no ámbito tributario cuxo fin último foi contribuír á recuperación da actividade económica e ao crecemento, polo tanto, á creación de emprego e mantendo a redución do déficit público, cumprindo co obxectivo de estabilidade das finanzas públicas comprometido coas autoridades europeas e recuperando a credibilidade na sustentabilidade das contas públicas.

Tras dous anos, 2012 e 2013, especialmente difíciles tendo en conta o rigor das medidas introducidas, nun contexto de incipiente recuperación económica, abordouse durante 2014 unha ambiciosa reforma tributaria, plasmada no dereito positivo nas leis 26/2014, do 27 de novembro, pola que se modifican a Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas; o texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non residentes, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2004, do 5 de marzo, e outras normas tributarias, 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades, e 28/2014, do 27 de novembro, pola que se modifican a Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido; a Lei 20/1991, do 7 de xuño, de modificación dos aspectos fiscais do réxime económico fiscal de Canarias; a Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, e a Lei 15/2013, do 29 de outubro, pola que se establecen determinadas medidas en materia de fiscalidade ambiental e se adoptan outras medidas tributarias e financeiras.

A dita reforma incorpora unha importante e xeneralizada redución da carga impositiva soportada polos contribuíntes, cuxa concreción última debe ser un aumento na renda dispoñible por parte destes e, como resultado, unha mellora en diversas variables económicas.

A reforma fiscal que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2015 deseñouse para unha implantación gradual en dúas fases, 2015 e 2016, porque no marco das previsións económicas vixentes naquel momento o Goberno actuou con prudencia na conciliación entre os obxectivos de estabilidade orzamentaria e o obxectivo perseguido coa reforma de apuntalar o crecemento económico e a creación de emprego. No entanto, a evolución da economía foi máis positiva do esperado e as previsións melloraron continuamente. O escenario macroeconómico aprobado no proceso de elaboración dos orzamentos xerais

do Estado para 2015, momento en que se deseñaba a reforma fiscal, prevía un crecemento do produto interior bruto real do 2 por cento para este ano e, actualmente, a previsión oficial é que o crecemento acade un 3,3 por cento. Do mesmo modo, a previsión inicial para o exercicio 2015 era un aumento de emprego, en termos de postos de traballo equivalentes a tempo completo, do 1,4 por cento, e xa no primeiro trimestre de 2015, segundo datos de contabilidade nacional trimestral, creceu a unha taxa interanual do 2,8%, o dobre do previsto, e prevese un crecemento do 3% en 2015.

A mellora económica véñse manifestando tamén na mellora da recadación tributaria. As bases impositivas agregadas dos principais impostos creceron un 2,6 por cento no ano 2014, por primeira vez despois de seis anos consecutivos de descensos. Agora, as bases impositivas aceleraron a súa taxa de crecemento no primeiro trimestre de 2015 ata un 4,2 por cento. Desta maneira, os ingresos tributarios creceron de forma sostida nos primeiros meses do ano, incluso estando xa en vigor a reforma fiscal. Os ingresos tributarios en termos homoxéneos, é dicir, corrixidos dos distintos ritmos de devolucións tributarias e outros efectos de calendario, medraron entre xaneiro e maio a unha taxa interanual do 3,7 por cento. No caso concreto do imposto sobre a renda das persoas físicas, a recadación en termos homoxéneos mantense en niveis practicamente iguais ao ano anterior, de forma que o bo ritmo do aumento do emprego e a moderada mellora nos salarios medios fan que se estea compensando o custo inicial da reforma fiscal co crecemento das rendas suxeitas a gravame.

Por estas razóns, é posible adiantar seis meses a segunda fase da rebaixa no IRPF, a xullo de 2015. Coa actual evolución da recadación, resulta aconsellable acelerar a implantación dalgunha das medidas da reforma tributaria, adiantando o calendario inicialmente deseñado, de maneira que se incremente a rebaixa impositiva do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente ao exercicio 2015. O impacto automático da aprobación dunha nova tarifa do imposto, a través do sistema de retencións e ingresos á conta, incrementará a liquidez dispoñible para os contribuíntes durante o segundo semestre deste ano nunha contía que se calcula en mil cincocentos millóns de euros.

Por outra parte, o imposto sobre a renda das persoas físicas debe atender a situación de especial dificultade pola que poden estar atravesando determinados contribuíntes, polo que resulta imprescindible mitigar a tributación das axudas que perciben colectivos que se encontren en situacións de especial necesidade, ao tempo que se evita o seu embargo ou traba, atendendo o imposto non só a criterios de xustiza tributaria senón de xustiza social.

Os innegables efectos beneficiosos antes aludidos para consolidar a recuperación económica xustifican a introdución destas medidas no noso ordenamento xurídico de maneira inmediata, xa que concorre, pola súa natureza e finalidade, a circunstancia de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución para a utilización do real decreto lei, requisito imprescindible, como lembrou, por outra banda, a xurisprudencia constitucional.

Partindo destas premisas, o capítulo I deste real decreto lei está integrado por catro artigos.

O artigo primeiro introduce diversas modificacións na Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O citado artigo adopta a principal medida deste real decreto lei en cuxa virtude se incrementará a renda dispoñible dos contribuíntes do dito imposto.

A instrumentación da dita medida lévase a cabo mediante a aprobación dunha nova escala xeral estatal e do aforro aplicable desde o 1 de xaneiro de 2015, na cal se reducen en medio punto os marxinais correspondentes a cada un dos tramos das citadas escalas.

Neste escenario, e coa finalidade de trasladar este incremento de renda dispoñible de forma significativa aos traballadores por conta allea e autónomos, apróbase, para o primeiro deles, unha nova escala de retención que se terá en conta para calcular o tipo de retención ou ingreso á conta aplicable aos rendementos do traballo que se satisfagan ou aboan a partir do 1 de agosto que, loxicamente, determinará unha rebaixa xeneralizada do citado tipo de retención. Non obstante, os pagadores poderán aplicar a nova escala desde a propia data de entrada en vigor deste real decreto lei.

Agora ben, débese advertir que o indicado anteriormente non significa que os efectos económicos da dita medida se limiten a reducir a carga tributaria dos rendementos satisfeitos a partir da dita data, xa que para calcular o novo tipo de retención se teñen en conta a nova escala e as retribucións obtidas desde o 1 de xaneiro de 2015, o que determinará que o novo tipo de retención sexa menor para corrixir o exceso de retención soportado nas nóminas correspondentes aos meses anteriores, facendo efectiva deste xeito a rebaixa con efectos desde o 1 de xaneiro de 2015.

En canto aos traballadores autónomos, baixo a mesma perspectiva de incrementar a súa renda dispoñible, redúcese de forma xeneralizada o tipo de retención, que queda fixado, calquera que sexa o nivel dos seus ingresos, nun 15 por cento a partir da entrada en vigor deste real decreto lei. Ao mesmo tempo, a partir da dita data, rebáixase ao 7 por cento o tipo de retención ou ingreso á conta aplicable durante os tres primeiros anos de inicio da actividade profesional.

A rebaixa anterior obriga a reducir no mesmo importe a contía do tipo fixo de retención aplicable aos rendementos do traballo derivados de impartir cursos, conferencias ou similares, así como da elaboración de obras literarias, artísticas ou científicas, sempre que se ceda o dereito á súa explotación.

Igualmente, en relación coas rendas do aforro e outras rendas suxeitas a retención, minórase o tipo de retención ou ingreso á conta aplicable a partir da entrada en vigor deste real decreto lei, que quedará fixado no 19,5 por cento fronte ao 20 por cento actual.

Adicionalmente, dada a especial situación pola que poden estar pasando determinados contribuíntes, decláranse exentas as axudas públicas concedidas polas comunidades autónomas ou entidades locais para atender colectivos en risco de exclusión social, situacións de emerxencia social, necesidades habitacionais de persoas sen recursos ou necesidades de alimentación, escolarización e demais necesidades básicas de menores ou persoas con discapacidade cando carezan de medios económicos suficientes, ata un importe máximo anual conxunto de 1,5 veces o indicador público de rendas de efectos múltiples, así como as axudas e a asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual e, en particular, a vítimas de violencia de xénero.

Por outra parte, dada a súa pequena contía e o elevado número de contribuíntes afectados, que pode mesmo chegar a producir unha tributación superior á propia axuda percibida en caso de que, por percibir esta, se convertan en obrigados a presentar declaración, decláranse igualmente exentas as axudas percibidas para compensar os custos derivados da recepción ou do acceso aos servizos de comunicación audiovisual televisiva nas edificacións afectadas pola liberación do dividendo dixital.

Por último, nos mesmos termos que en exercicios anteriores, aclárase cal será a escala autonómica aplicable aos contribuíntes que residan en Ceuta e Melilla.

O artigo segundo, como consecuencia das reducións nos tipos de retención e ingreso á conta anteriormente sinalados, modifica a Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades, rebaxando o tipo de retención ou ingreso á conta aplicable do 20 ao 19,5 por cento a partir da entrada en vigor deste real decreto lei.

Igualmente, polas mesmas razóns, o artigo terceiro modifica o texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non residentes, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2004, do 5 marzo, rebaxando o tipo de gravame previsto no número 2 do artigo 19 e nas alíneas a) e f) do número 1 do artigo 25 do citado texto refundido ao 19,5 por cento, a partir da entrada en vigor deste real decreto lei.

Por último, o artigo cuarto, coa finalidade de posibilitar a consecución dos obxectivos a que se destinan determinadas prestacións e axudas concedidas polas distintas administracións públicas, limita a posibilidade do seu embargo mediante a aplicación das regras que xa rexen na actualidade no ámbito da Lei de axuízamento civil en relación cos embargos do salario, soldo, pensión, retribución ou o seu equivalente.

II

O capítulo II deste real decreto lei está integrado por tres artigos, mediante os cales se adoptan determinadas medidas relacionadas co sector enerxético.

A Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, dando continuidade ao xa previsto con anterioridade na Lei 54/1997, do 27 de novembro, establece a posibilidade de que a retribución da actividade de produción conteña un compoñente en concepto de mecanismo de capacidade. O obxectivo é, segundo a lei, dotar o sistema dunha marxe de cobertura adecuada e incentivar a dispoñibilidade de potencia xestionable.

Os mecanismos por capacidade inclúen dous tipos de servizos: o incentivo ao investimento en capacidade a longo prazo e o servizo de dispoñibilidade a medio prazo.

O incentivo ao investimento en capacidade a longo prazo encóntrase regulado na Orde ITC/2794/2007, do 27 de setembro, pola que se revisan as tarifas eléctricas a partir do 1 de outubro de 2007, e ten por obxecto retribuír o investimento en nova capacidade, necesaria para asegurar a cobertura da demanda no longo prazo. Este mecanismo incentiva a posta á disposición do operador do sistema de determinada potencia instalada que se acredita mediante a acta de posta en marcha da instalación de xeración.

A citada Orde ITC/2794/2007, do 27 de setembro, ademais do incentivo de investimento a longo prazo, regulaba tamén un pagamento en concepto de servizo de dispoñibilidade, que se definía como un servizo de medio prazo para completar os servizos de axuste do sistema destinados a asegurar a dispoñibilidade de potencia a curto prazo. Este servizo de dispoñibilidade desenvolveuse mediante a Orde ITC/3127/2011, do 17 de novembro, pola que se regula o servizo de dispoñibilidade de potencia dos pagamentos por capacidade e se modifica o incentivo ao investimento a que fai referencia o anexo III da Orde ITC/2794/2007, do 27 de setembro, e mantén a diferenciación entre incentivo ao investimento e servizo de dispoñibilidade.

O mecanismo de financiamento dos pagamentos por capacidade é o previsto na disposición adicional sétima da Orde ITC/3860/2007, do 28 de decembro, pola que se revisan as tarifas eléctricas a partir do 1 de xaneiro de 2008. De acordo con ela, están obrigados ao pagamento por capacidade todos os comercializadores e consumidores directos en mercado pola enerxía que efectivamente adquiren a través das diferentes modalidades de contratación e destinada ao consumo interno español, salvo a enerxía correspondente ao autoconsumo de produción e ao consumo de bombeo.

Os prezos unitarios para o financiamento dos pagamentos por capacidade que son actualmente de aplicación á demanda son os establecidos na disposición adicional cuarta da Orde ITC/3353/2010, do 28 de decembro, pola que se establecen as peaxes de acceso a partir do 1 de xaneiro de 2011 e as tarifas e primas das instalacións do réxime especial, aos cales hai que engadir os previstos para as peaxes de acceso superval no anexo I.2.2.3 da Orde ITC/2585/2011, do 29 de setembro, pola que se revisan as peaxes de acceso, se establecen os prezos das peaxes de acceso superval e se actualizan determinadas tarifas e primas das instalacións do réxime especial, a partir do 1 de outubro de 2011, e os previstos para as peaxes de acceso 6.1A e 6.1B no anexo I.2 da Orde IET/2444/2014, do 19 de decembro, pola que se determinan as peaxes de acceso de enerxía eléctrica para 2015.

No ano 2010, os prezos dos pagamentos por capacidade foron revisados co fin de adecualos á entrada en vigor do mecanismo regulado no Real decreto 134/2010, do 12 de febreiro, polo que se establece o procedemento de resolución de restricións por garantía de subministración e se modifica o Real decreto 2019/1997, do 26 de decembro, polo que se organiza e regula o mercado de produción de enerxía eléctrica.

Este mecanismo era de aplicación a instalacións de xeración que utilizan como combustible carbón autóctono e os custos derivados da súa aplicación supuñan un sobrecusto directo para o consumidor que contribúe ao seu financiamento a través dos pagamentos por capacidade.

O feito de que o 31 de decembro do ano 2014 finalizase de maneira improrrogable o mecanismo de restricións por garantía de subministración regulado polo anteriormente citado Real decreto 134/2010, do 12 de febreiro, motiva a revisión dos prezos en concepto de pagamentos por capacidade.

Por criterios de prudencia e ata ver o comportamento real da demanda, cuxa recuperación se vén constatando, ata o momento mantívose a cantidade que pagan os consumidores por este concepto e existe un exceso de recadación nesta partida para o ano 2015, que se vén confirmando, ademais, nas diferentes liquidacións do sector eléctrico realizadas pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Ante esta situación, recóllese na presente norma unha revisión dos prezos que soportan os consumidores en concepto de pagamentos por capacidade, axustando os valores unitarios, e que supón unha redución da cantidade que pagan actualmente en termos anuais, contribuíndo, polo tanto, á diminución da factura eléctrica que se manterá desde a súa entrada en vigor.

Non obstante, para 2015, para efectuar unha redución equivalente da contía total en concepto de pagamentos por capacidade, débese ter en conta que os valores unitarios se aplican só nos meses que restan de ano (agosto-décembro), o que se traduce nunha diminución media da factura anual dos prezos dos consumidores nestes meses superior ao que representaría en cómputo anual.

Polo tanto, a medida débese adoptar coa máxima antelación posible para evitar saltos bruscos na repercusión que estes cambios de prezos poderían supor para os consumidores no caso de se atrasar a súa aprobación, o que rompería a estabilidade de prezos actual.

En todo caso, esta medida adóptase sen que se altere, en ningún caso, a sustentabilidade económica e financeira do sistema eléctrico exixida no artigo 13 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, dado que está garantido o equilibrio entre as diferentes partidas de ingresos e custos que o compoñen.

O segundo dos artigos deste capítulo II incorpora unha modificación da Lei do sector eléctrico dirixida a beneficiar os consumidores de pequena potencia que decidan autoconsumir enerxía eléctrica.

O artigo 9 da Lei 24/2013, do 26 de novembro, do sector eléctrico, regula o autoconsumo. O número 3 determina que «todos os consumidores suxeitos a calquera modalidade de autoconsumo terán a obriga de contribuír aos custos e servizos do sistema pola enerxía autoconsumida, cando a instalación de xeración ou de consumo estea conectada total ou parcialmente ao sistema eléctrico.

Para iso estarán obrigados a pagar as mesmas peaxes de acceso ás redes, os cargos asociados aos custos do sistema e os custos para a provisión dos servizos de apoio do sistema que correspondan a un consumidor non suxeito a ningunha das modalidades de autoconsumo descritas no punto anterior.»

Ademais, recolle unha excepción no caso dos territorios non peninsulares cando supoñan unha redución dos custos dos ditos sistemas, ben que non se recollera ningún tratamento específico para aqueles pequenos consumidores.

Na actualidade, con esta medida amplíase a excepción aos consumidores de pequena potencia que decidisen autoconsumir enerxía eléctrica co obxectivo de minorar as cargas administrativas, de xestión e os seus custos asociados. O seu impacto para o conxunto do sistema eléctrico é pouco significativo, polo que resulta conveniente flexibilizar esta carga.

Por iso, resulta conveniente ampliar esta excepción a estes casos.

En todo caso, a dita excepción desenvolverase garantindo a seguridade e a sustentabilidade económica e financeira do sistema eléctrico.

A urxente e extraordinaria necesidade, en liña con outras medidas adoptadas neste real decreto lei, vén xustificada pola contribución ao impulso da economía e á mellora da competitividade que supón esta redución de prezos para os consumidores eléctricos.

III

O capítulo II deste real decreto lei recolle finalmente outras medidas excepcionais de carácter social a favor de empresas da minaría de carbón non competitiva.

A Decisión 2010/787/UE do Consello, do 10 de decembro de 2010, relativa ás axudas estatais destinadas a facilitar o peche de minas non competitivas, considerou que a achega do carbón subvencionado ás fontes de enerxías autóctonas que contribúen ao fornecemento da Unión Europea non xustificaba o mantemento indefinido das subvencións,

e limitou ata 2018 a posibilidade de que os Estados membros concedesen axudas ás minas non competitivas para cubrir os custos relacionados co carbón destinado á produción de electricidade. Para iso exixiu un plan de peche das unidades de produción non competitivas, de modo que se puidese desenvolver un cesamento ordenado das actividades mineiras nas ditas unidades de produción que culminase como máis tarde o 31 de decembro de 2018.

Porén, con esa norma ofrecíase tamén un marco xurídico que lles facilitaba aos Estados membros mitigaren eficazmente os posibles efectos prexudiciais dos peches de minas, especialmente nos seus aspectos sociais, co fin de minimizar o seu impacto en zonas eminentemente mineiras.

No noso país iso traducíuse nun marco de actuación para a minaría do carbón e as comarcas mineiras para o período 2013-2018, acordado o día 1 de outubro de 2013 polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, coa central sindical FITAG-UGT, a Federación de Industria de CC.OO., a Federación de Industria de USO e a agrupación de empresarios do sector Carbunión. Este marco, adoptado de conformidade co disposto na referida decisión do Consello do 10 de decembro, configúrase «como o instrumento de planificación das políticas públicas de reordenación do sector da minaría do carbón (...) no escenario establecido pola decisión.» e persegue, entre outros obxectivos, «atenuar o impacto que produce a perda de postos de traballo, así como a súa repercusión na economía rexional.»

Á consecución dos distintos obxectivos previstos nel destináronse diferentes liñas de axudas, entre as cales figuran as denominadas axudas por custos excepcionais; unha das súas modalidades é «as axudas de carácter social destinadas a financiar procesos de redución de cadro de persoal de unidades de produción de carbón que pechen». Tales axudas permiten asumir o custo de prestacións sociais derivadas da xubilación de quen non ten a idade legal de xubilación, ou o pagamento de indemnizacións alleas ao sistema legal, segundo determina o anexo da referida decisión comunitaria, atendendo ao disposto no seu artigo 4 «Axudas para cubrir custos excepcionais».

Estas liñas de axudas desenvólveas o Real decreto 676/2014, do 1 de agosto, polo que se establece o réxime de axudas por custos laborais destinadas a cubrir custos excepcionais vinculados a plans de peche de unidades de produción das empresas mineiras do carbón. Conforme esta norma, desde o 1 de xaneiro de 2013 ata o 31 de decembro de 2018 poderase financiar a redución dos cadros de persoal propios das empresas que pechen as súas unidades de produción de carbón, por medio de axudas por custos laborais para traballadores de idade avanzada e mediante baixas indemnizadas de carácter voluntario, ás cales accederían os traballadores en función do cumprimento dunha serie de requisitos obxectivos. Tales medidas permitían cubrir a perda de emprego dos traballadores do sector, cuxa saída se prevía de forma graduada ata o 31 de decembro de 2018.

Porén, as actuais circunstancias do sector, motivadas pola caída da cotización do carbón nos mercados internacionais coa conseguinte perda de competitividade do carbón nacional fronte ao carbón importado nos últimos meses, conduciron a que a produción de carbón siga unha curva descendente que obriga a maioría das empresas a adiantar a data de peche inicialmente prevista e a incorrer en declaracións de concurso de acredores ou en situacións de insolvencia e liquidación que levan, inexorablemente, á extinción dos contratos de traballo dos seus cadros de persoal.

Así, o prezo internacional do carbón evolucionou á baixa nos dous últimos anos e acadou un prezo medio CIF (custo, seguro e frete) por debaixo dos 55 euros por tonelada, en marzo do ano 2015, nos portos ARA (Amsterdam, Róterdam e Amberes), que adoitan empregarse como referencia en Europa. Este derrubamento da caída dos prezos do carbón moito máis do previsto no momento da sinatura do novo marco de actuación para o período 2013-2018 e a incerteza sobre a evolución dos mercados internacionais está ocasionando graves problemas de competitividade tanto ás empresas da minaría do carbón españolas como doutros países europeos que viron enormemente limitadas as súas posibilidades de subministración de carbón autóctono.

Neste contexto de peche daquelas unidades de produción non competitivas no sector da minaría do carbón, as medidas sociais adoptadas no Real decreto 676/2014, do 1 de

agosto, móstranse claramente insuficientes, pois os requisitos establecidos prevíronse para un cesamento progresivo que culminaría en 2018. Resulta de capital importancia, polo tanto, paliar a repercusión que o próximo peche das minas pode provocar nas bacías mineiras, onde xa existe un elevado índice de desemprego e limitadas oportunidades de reinserción laboral para uns traballadores que veñen realizando tarefas moi específicas, propias dun sector en crise, nuns postos de traballo que requiren unhas características físicas singulares do traballador, en particular, un gran desgaste físico.

Trátase, en definitiva, de facilitar o acceso a unhas axudas que xa estaban previstas, en apoio ás empresas mineiras, que chegan a esta situación de peche con moitas débedas e con falta de liquidez, soportando o custo da redución dos cadros de persoal propios, segundo estaba acordado no referido Marco de actuación para a minaría do carbón e as comarcas mineiras para o período 2013-2018, cuxo obxectivo é garantir unha minaría competitiva do sector do carbón de acordo co establecido na normativa da Unión Europea.

Para iso abonda con permitir que se adiante a data de entrada ao sistema de axudas por idade avanzada daqueles traballadores que, doutro xeito, se terían incorporado ao plan de axudas en 2017 ou 2018. Trátase de anticipar, por conseguinte, esa data, flexibilizando as exixencias de idade equivalente e período de cotización, o que se vería compensado cunha minoración do importe da axuda.

Adicionalmente, facilítaselles con carácter excepcional o acceso ás axudas sociais por custos laborais mediante baixas indemnizadas de carácter voluntario a aqueles traballadores incorporados aos cadros de persoal das empresas privadas da minaría de carbón non competitiva con data anterior ao 1 de xaneiro de 2015 e posterior ao 31 de decembro de 2011.

Na adopción destas medidas excepcionais de carácter social e voluntario a favor dos traballadores das empresas da minaría de carbón non competitiva concorren as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución española como presuposto habilitante para recorrer a esta figura normativa. En efecto, a crise do sector, agudizada pola evolución dos prezos do carbón nos mercados internacionais, fai imprescindible abordar o impacto social e rexional dos procesos de peche, como así prevé a normativa comunitaria, e garantir, sen dilación, que o conxunto dos cadros de persoal excedentes da minaría de carbón non competitiva poidan acceder ás categorías de axudas amparadas polo artigo 4 da Decisión 2010/787/UE do Consello, do 10 de decembro de 2010.

IV

O texto do real decreto lei complétase cunha disposición adicional, unha disposición transitoria e tres disposicións derradeiras.

A disposición adicional única ten como finalidade autorizar a formalización a orzamento dos anticipos efectuados no ano 2014 para atender os xuros de demora aboados á Unión Europea e pendentes de aplicar en 31 de decembro de 2014.

No exercicio 2014 quedaron pendentes de formalizar a orzamento pagamentos efectuados á Unión Europea, derivados de xuros de demora polo atraso na posta á disposición da Unión Europea dos recursos propios tradicionais correspondentes a unha débeda que naceu como consecuencia da retirada de mercadoría baixo control alfandegueiro e que circulaba ao abeiro das disposicións do tránsito comunitario externo, por importe de 3.172.388,46 euros.

Ao teren estes anticipos a consideración de obrigas de exercicios anteriores, requiren para a súa formalización, en aplicación do disposto no número 4 do artigo 34 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, unha norma con rango de lei.

Polo principio de transparencia e seguridade xurídica resulta necesario que, de maneira inmediata, se proceda a regularizar estas obrigas de exercicios anteriores. Por tanto, concorre a circunstancia de extraordinaria e urxente necesidade que exige o artigo 86 da Constitución española.

As tres disposicións derradeiras refírense, respectivamente, ao título competencial, á posibilidade de modificar no futuro mediante normas de rango regulamentario o contido

daquelas que, tendo o dito rango, fosen modificadas por este real decreto lei e no momento da entrada en vigor do real decreto lei.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta dos ministros de Facenda e Administracións Públicas e de Industria, Enerxía e Turismo, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 10 de xullo de 2015,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Medidas de carácter tributario

Artigo 1. *Modificación da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2015, introdúcense as seguintes modificacións na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio:

Un. Engádeselle unha nova alínea y) ao artigo 7, que queda redactado da seguinte forma:

«y) As prestacións económicas establecidas polas comunidades autónomas en concepto de renda mínima de inserción para garantir recursos económicos de subsistencia ás persoas que carezan deles, así como as demais axudas establecidas por estas ou por entidades locais para atender, conforme a súa normativa, colectivos en risco de exclusión social, situacións de emerxencia social, necesidades habitacionais de persoas sen recursos ou necesidades de alimentación, escolarización e demais necesidades básicas de menores ou persoas con discapacidade, cando eles e as persoas ao seu cargo carezan de medios económicos suficientes, ata un importe máximo anual conxunto de 1,5 veces o indicador público de rendas de efectos múltiples.

Así mesmo, estarán exentas as axudas concedidas ás vítimas de delitos violentos a que se refire a Lei 35/1995, do 11 de decembro, de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual, e as axudas previstas na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e demais axudas públicas satisfeitas a vítimas de violencia de xénero por tal condición.»

Dous. Engádeselle un novo número 4 á disposición adicional quinta, que queda redactado da seguinte forma:

«4. Non se integrarán na base imponible deste imposto as axudas concedidas en virtude do disposto no Real decreto 920/2014, do 31 de outubro, polo que se regula a concesión directa de subvencións destinadas a compensar os custos derivados da recepción ou acceso aos servizos de comunicación audiovisual televisiva nas edificacións afectadas pola liberación do dividendo dixital.»

Tres. Modifícanse o punto 3 e a alínea a) do número 5 do artigo 101 desta lei, que quedan redactados da seguinte forma:

«3. A porcentaxe de retención e ingreso á conta sobre os rendementos do traballo derivados de impartir cursos, conferencias, coloquios, seminarios e similares, ou derivados da elaboración de obras literarias, artísticas ou científicas, sempre que

se ceda o dereito á súa explotación, será do 15 por cento. Esta porcentaxe reducirase á metade cando se trate de rendementos do traballo obtidos en Ceuta e Melilla que teñan dereito á dedución na cota prevista no artigo 68.4 desta lei.»

«a) O 15 por cento, no caso dos rendementos de actividades profesionais establecidos en vía regulamentaria.

Non obstante, aplicarase a porcentaxe do 7 por cento sobre os rendementos de actividades profesionais que se establezan regulamentariamente.

Estas porcentaxes reduciranse á metade cando os rendementos teñan dereito á dedución na cota prevista no artigo 68.4 desta lei.»

Catro. Modifícase a disposición adicional trixésimo primeira, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional trixésimo primeira. *Escalas e tipos de retención aplicables en 2015.*

1. No período impositivo 2015 as escalas para a determinación da cota íntegra do imposto serán:

a) A escala xeral do imposto a que se refire o ordinal 1.º do número 1 do artigo 63 desta lei será a seguinte:

Base liquidable – Ata euros	Cota íntegra – Euros	Resto base liquidable – Ata euros	Tipo aplicable – Porcentaxe
0,00	0,00	12.450,00	9,50
12.450,00	1.182,75	7.750,00	12
20.200,00	2.112,75	13.800,00	15
34.000,00	4.182,75	26.000,00	18,5
60.000,00	8.992,75	En diante	22,5

b) A escala a que se refire o artigo 65 desta lei será a establecida na alínea a) anterior e a seguinte:

Base liquidable – Ata euros	Cota íntegra – Euros	Resto base liquidable – Ata euros	Tipo aplicable – Porcentaxe
0,00	0,00	12.450,00	10,00
12.450,00	1.245,00	7.750,00	12,50
20.200,00	2.213,75	13.800,00	15,50
34.000,00	4.352,75	26.000,00	19,50
60.000,00	9.422,75	En diante	23,50

c) A escala do aforro a que se refire o ordinal 1.º do número 1 do artigo 66.

d) A escala do aforro a que se refire o ordinal 1.º do número 2 do artigo 66 desta lei será a seguinte:

Base liquidable do aforro – Ata euros	Cota íntegra – Euros	Resto base liquidable do aforro – Ata euros	Tipo aplicable – Porcentaxe
0	0	6.000	19,5
6.000,00	1.170	44.000	21,5
50.000,00	10.630	En diante	23,5

e) A escala do aforro a que se refire o ordinal 1.º do artigo 76 desta lei será a seguinte:

Base liquidable do aforro – Ata euros	Cota íntegra – Euros	Resto base liquidable do aforro – Ata euros	Tipo aplicable – Porcentaxe
0	0	6.000	10
6.000,00	600	44.000	11
50.000,00	5.440	En diante	12

f) A escala a que se refire o ordinal 1.º da alínea e) do número 2 do artigo 93 desta lei será a seguinte:

Base liquidable – Euros	Tipo aplicable – Porcentaxe
Ata 600.000 euros	24
Desde 600.000,01 euros en diante	47

g) A escala a que se refire o ordinal 2.º da alínea e) do número 2 do artigo 93 desta lei será a seguinte:

Base liquidable do aforro – Ata euros	Cota íntegra – Euros	Resto base liquidable do aforro – Ata euros	Tipo aplicable – Porcentaxe
0	0	6.000	19,5
6.000,00	1.170	44.000	21,5
50.000,00	10.630	En diante	23,5

2. No período impositivo 2015, para determinar o tipo de retención ou ingreso á conta para practicar sobre os rendementos do traballo satisfeitos con anterioridade ao 12 de xullo, ao cal resulte de aplicación o procedemento xeral de retención a que se refire o artigo 82 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, a escala de retención a que se refire o número 1 do artigo 101 desta lei será a seguinte:

Base para calcular o tipo de retención – Ata euros	Cota de retención – Euros	Resto base para calcular o tipo de retención – Ata euros	Tipo aplicable – Porcentaxe
0,00	0,00	12.450,00	20,00
12.450,00	2.490,00	7.750,00	25,00
20.200,00	4.427,50	13.800,00	31,00
34.000,00	8.705,50	26.000,00	39,00
60.000,00	18.845,50	En diante	47,00

A partir do 12 de xullo, para calcular o tipo de retención ou ingreso á conta aplicable aos rendementos que se satisfagan ou aboem a partir da dita data, a escala de retención que se deberá tomar en consideración será a seguinte:

Base para calcular o tipo de retención – Ata euros	Cota de retención – Euros	Resto base para calcular o tipo de retención – Ata euros	Tipo aplicable – Porcentaxe
0,00	0,00	12.450,00	19,50
12.450,00	2.427,75	7.750,00	24,50
20.200,00	4.326,5	13.800,00	30,50
34.000,00	8.535,5	26.000,00	38,00
60.000,00	18.415,5	En diante	46,00

O tipo de retención ou ingreso á conta regularizarase de acordo coa anterior escala, se procede, nos primeiros rendementos do traballo que se satisfagan ou aboem a partir do 12 de xullo, de acordo co sinalado no Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Non obstante, a regularización a que se refire o parágrafo anterior poderase realizar, á opción do pagador, nos primeiros rendementos do traballo que se satisfagan ou aboem a partir do 1 de agosto. Neste caso, o tipo de retención ou ingreso á conta que se deberá practicar sobre os rendementos do traballo satisfeitos con anterioridade a esta data determinarase tomando en consideración a escala de retención a que se refire o primeiro parágrafo deste punto.

3. No período impositivo 2015:

a) A porcentaxe de retención e ingreso á conta aplicable aos rendementos previstos no número 3 do artigo 101 desta lei, satisfeitos ou aboados con anterioridade ao 12 de xullo, será o 19 por cento. A porcentaxe de retención ou ingreso á conta, aplicable aos ditos rendementos que se satisfagan ou aboem a partir da dita data, será do 15 por cento.

b) A porcentaxe de retención e ingreso á conta a que se refire o primeiro parágrafo da alínea a) do número 5 do artigo 101 desta lei, aplicable aos rendementos satisfeitos ou aboados con anterioridade ao 12 de xullo, será do 19 por cento. Non obstante, a dita porcentaxe será do 15 por cento cando o volume de rendementos íntegros de tales actividades correspondente ao exercicio inmediato anterior sexa inferior a 15.000 euros e represente máis do 75 por cento da suma dos rendementos íntegros de actividades económicas e do traballo obtidos polo contribuínte no dito exercicio e o contribuínte lle comunicase ao pagador dos rendementos a concorrencia da dita circunstancia, quedando obrigado o pagador a conservar a comunicación debidamente asinada. A porcentaxe de retención ou ingreso á conta aplicable aos rendementos que se satisfagan ou aboem a partir da dita data será do 15 por cento.

c) A porcentaxe de retención e ingreso á conta a que se refire o segundo parágrafo da alínea a) do número 5 do artigo 101 desta lei, aplicable aos rendementos satisfeitos ou aboados con anterioridade ao 12 de xullo, será do 9 por cento. A porcentaxe de retención ou ingreso á conta aplicable aos rendementos que se satisfagan ou aboem a partir da dita data será do 7 por cento.

d) As porcentaxes de retención e ingreso á conta do 19 por cento previstos no artigo 101 desta lei serán do 20 por cento cando a obriga de reter ou ingresar á conta nacesse con anterioridade ao 12 de xullo. Cando o nacemento da obriga de reter ou ingresar á conta se producise a partir da dita data, a porcentaxe de retención ou ingreso á conta será do 19,5 por cento.

e) A porcentaxe de retención do 35 por cento prevista no número 2 do artigo 101 desta lei será do 37 por cento, a porcentaxe de retención do 45 por cento prevista na alínea f) do número 2 do artigo 93 desta lei será do 47 por cento e a

porcentaxe do ingreso á conta a que se refire o artigo 92.8 e a do pagamento á conta do 19 por cento prevista na disposición adicional vixésimo sexta, ambos desta lei, serán do 20 por cento.»

Cinco. Modifícase a disposición adicional trixésimo segunda, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional trixésimo segunda. *Escala autonómica aplicable aos residentes en Ceuta e Melilla.*

A escala autonómica aplicable aos contribuíntes que teñan a súa residencia habitual en Ceuta ou Melilla será a prevista no artigo 65 desta lei.»

Artigo 2. *Modificación da Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades.*

Con efectos a partir do 1 de xaneiro de 2015, introdúcese as seguintes modificacións na Lei 27/2014, do 27 de novembro, do imposto sobre sociedades:

Un. Derrógase a alínea ñ) da disposición transitoria trixésimo cuarta.

Dous. Engádese unha disposición transitoria trixésimo oitava, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición transitoria trixésimo oitava. *Porcentaxe de retención ou ingreso á conta aplicable en 2015.*

Desde o 1 de xaneiro de 2015 ata o 11 de xullo de 2015, a porcentaxe de retención ou ingreso á conta a que se refire a alínea a) do número 6 do artigo 128 desta lei será do 20 por cento. A dita porcentaxe será do 19,5 por cento desde o 12 de xullo de 2015 ata o 31 de decembro de 2015.»

Artigo 3. *Modificación do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non residentes, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2004, do 5 marzo.*

Introdúcese as seguintes modificacións no texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non residentes, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2004, do 5 de marzo:

Un. Modifícase a regra 2ª do número 1 do artigo 38, que queda redactada da seguinte forma:

«2.ª A cota íntegra determinarase aplicando sobre a base imponible o tipo de gravame que corresponda de entre os previstos na normativa do imposto de sociedades.»

Dous. Modifícase a disposición adicional novena, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional novena. *Tipos de gravame aplicables en 2015.*

No ano 2015, para os impostos devindicados con anterioridade ao 12 de xullo, o tipo de gravame do 19 por cento previsto no número 2 do artigo 19 e nas alíneas a) e f) do número 1 do artigo 25 desta lei será do 20 por cento. Os citados tipos serán do 19,5 por cento cando o imposto se devindique a partir da dita data.»

Artigo 4. *Prestacións e axudas públicas inembargables.*

1. Resultará de aplicación o disposto no artigo 607 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, aos embargos ordenados no ámbito de procedementos xudiciais e administrativos que teñan por obxecto as seguintes prestacións públicas:

a) As prestacións económicas establecidas polas comunidades autónomas en concepto de renda mínima de inserción para garantir recursos económicos de subsistencia ás persoas que carezan deles.

b) As demais axudas establecidas polas comunidades autónomas ou polas entidades locais para atender, conforme a súa normativa, colectivos en risco de exclusión social, situacións de emerxencia social, necesidades habitacionais de persoas sen recursos ou necesidades de alimentación, escolarización e demais necesidades básicas de menores ou persoas con discapacidade, cando eles e as persoas ao seu cargo carezan de medios económicos suficientes.

c) As prestacións e axudas establecidas polo Estado con finalidade análoga ás sinaladas nos puntos anteriores.

d) As axudas concedidas ás vítimas de delitos violentos a que se refire a Lei 35/1995, do 11 de decembro, de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual, e as axudas previstas na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e demais axudas públicas satisfeitas a vítimas de violencia de xénero por tal condición.

2. As prestacións e axudas a que se refire este artigo serán consideradas como unha percepción máis para os efectos do disposto no número 3 do artigo 607 da Lei de axuizamento civil.

CAPÍTULO II

Medidas relacionadas co sector enerxético

Artigo 5. *Prezo unitario para o financiamento dos pagamentos por capacidade.*

Os prezos unitarios para o financiamento dos pagamentos por capacidade regulados no anexo III da Orde ITC/2794/2007, do 27 de setembro, pola que se revisan as tarifas eléctricas a partir do 1 de outubro de 2007, e na Orde ITC/3127/2011, do 17 de novembro, pola que se regula o servizo de dispoñibilidade de potencia dos pagamentos por capacidade e se modifica o incentivo ao investimento a que fai referencia o anexo III da Orde ITC/2794/2007, do 27 de setembro, aplicables pola enerxía adquirida polos suxeitos a que se refire a disposición adicional sétima da Orde ITC/3860/2007, do 28 de decembro, pola que se revisan as tarifas eléctricas a partir do 1 de xaneiro de 2008, serán os seguintes:

Peaxes de acceso	Prezo unitario para o financiamento dos pagamentos por capacidade euro/kWh (b.c.)					
	P1	P2	P3	P4	P5	P6
Peaxes de baixa tensión:						
2.0 A ($P_c \leq 10$ kW).	0,008181					
2.0 DHA ($P_c \leq 10$ kW).	0,008430	0,001422				
2.0 DHS ($P_c \leq 10$ kW).	0,008430	0,001920	0,001138			
2.1 A ($10 < P_c \leq 15$ kW).	0,008181					
2.1 DHA ($10 < P_c \leq 15$ kW).	0,008430	0,001422				
2.1 DHS ($10 < P_c \leq 15$ kW).	0,008430	0,001920	0,001138			
3.0 A ($P_c > 15$ kW).	0,014798	0,007606	0,000102			
Peaxes de alta tensión:						
3.1 A (1 kV a 36 kV).	0,011365	0,006119	0,000000			
6.1A (1 kV a 30 kV).	0,011365	0,005246	0,003496	0,002622	0,002622	0,000000
6.1B (30 kV a 36 kV).	0,011365	0,005246	0,003496	0,002622	0,002622	0,000000
6.2 (36 kV a 72,5 kV).	0,011365	0,005246	0,003496	0,002622	0,002622	0,000000
6.3 (72,5 kV a 145 kV).	0,011365	0,005246	0,003496	0,002622	0,002622	0,000000
6.4 (maior ou igual a 145 kV).	0,011365	0,005246	0,003496	0,002622	0,002622	0,000000

Artigo 6. *Modificación da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico.*

Engádesse un parágrafo ao final do artigo 9.3 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, redactado nos seguintes termos:

«Artigo 9.

3. (...)

(...)

(...)

Así mesmo, de forma excepcional e sempre que se garantan a seguridade e a sustentabilidade económica e financeira do sistema, coas condicións que o Goberno regule, poderanse establecer reducións de peaxes, cargos e custos para determinadas categorías de consumidores de baixa tensión da modalidade de subministración con autoconsumo. En todo caso, tanto a potencia máxima contratada de consumo como a instalada de xeración non serán superiores a 10 kW.»

Artigo 7. *Medidas excepcionais de carácter social e voluntario a favor de traballadores de empresas da minaría de carbón non competitiva.*

1. Con carácter excepcional, poderase anticipar a partir do 1 de xaneiro de 2016 o acceso ás axudas por custos laborais para traballadores de idade avanzada previstas para os exercicios 2017 e 2018 no Real decreto 676/2014, do 1 de agosto, polo que se establece o réxime de axudas por custos laborais destinadas a cubrir custos excepcionais vinculados a plans de peche de unidades de produción das empresas mineiras do carbón, conforme o establecido a continuación:

a) Poderanse acoller a estas axudas aquelas empresas mineiras susceptibles de ser beneficiarias de conformidade co disposto no artigo 4 do dito real decreto, sempre que os seus traballadores reúnan os seguintes requisitos obxectivos:

1.º A súa condición de traballadores con contrato indefinido na empresa solicitante.

2.º Ter cincuenta e dous ou máis anos de idade equivalente, coa aplicación do coeficiente reductor que lles corresponda.

Entenderase cumprido este requisito naqueles traballadores que, sen teren esta idade, teñan prevista a súa prexubilación ata o 31 de decembro de 2018, de teren mantido, ata esa data, o coeficiente reductor que tivesen asignado no momento da extinción da súa relación laboral.

3.º A antigüidade na empresa en que causen baixa de, polo menos, tres anos consecutivos, contados desde a extinción da relación laboral que dá lugar a estas axudas.

4.º As cotizacións ao réxime especial da minaría do carbón da Seguridade Social durante, polo menos, nove anos.

5.º Os traballadores deberán acreditar, ao cumpriren a idade legal de xubilación, conforme o previsto no artigo 161 e na disposición transitoria vixésima do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, o período mínimo de cotización que se requira para acceder a esta en calquera dos réximes da Seguridade Social. No suposto de modificación normativa do período mínimo, o traballador que xa está cobrando estas axudas teraas garantidas ata que acade un novo período mínimo exixido para acceder á súa xubilación.

b) A cuantificación das axudas realizarase de conformidade co previsto no artigo 9 do Real decreto 676/2014, do 1 de agosto, aplicando unha porcentaxe de redución en función da idade equivalente do traballador.

Destá forma, unha vez calculada a cantidade bruta garantida, esta reducirase nun 4,66 por cento aos traballadores cuxa idade equivalente sexa igual ou superior a 53 anos e

inferior a 54 anos. No caso de que a dita idade equivalente sexa igual ou superior a 52 anos, ou que esta se entenda cumprida conforme este real decreto lei, a redución desta cantidade será dun 9,32 por cento.

c) As solicitudes das empresas que desexen acollerse ás axudas sociais por custos laborais para traballadores de idade avanzada con carácter anticipado poderán ser presentadas, xunto co resto de documentación exixida no artigo 10 do Real decreto 676/2014, do 1 de agosto, en calquera momento a partir do 1 de setembro de 2015 ata o 15 de setembro de 2017.

d) Estas axudas manteranse para cada traballador ata que se acade a idade legal de xubilación conforme o previsto no artigo 161 e na disposición transitoria vixésima do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño. No suposto de modificación normativa da idade legal de xubilación, o traballador que xa estea cobrando estas axudas teraas garantidas ata que acade a idade legal para acceder á súa xubilación.

2. Excepcionalmente, poderanse acoller voluntariamente á baixa indemnizada os traballadores das empresas mineiras susceptibles de ser beneficiarias destas axudas de acordo co Real decreto 676/2014, do 1 de agosto, cando así o soliciten as súas empresas antes do 1 de outubro de 2015, sempre que se acrediten os seguintes requisitos obxectivos:

a) A súa antigüidade no réxime especial da minaría do carbón da Seguridade Social desde, polo menos, tres anos.

b) A súa condición de traballadores do cadro de persoal anterior ao 1 de xaneiro de 2015 e posterior ao 31 de decembro de 2011, en calquera das empresas mineiras privadas do carbón que figuran no anexo do referido real decreto.

c) Unha antigüidade na empresa en que causen baixa de, polo menos, un ano antes da extinción do contrato de traballo.

3. A resolución de concesión das axudas previstas neste artigo estará condicionada á acreditación do efectivo cumprimento por parte dos traballadores da empresa mineira dos requisitos establecidos nel.

4. A aplicación destas medidas de carácter excepcional rexerese, no non previsto neste real decreto lei, polo Real decreto 676/2014, do 1 de agosto.

5. En todo caso, as empresas que non se acollan a estas medidas excepcionais poderán acceder ás axudas previstas no Real decreto 676/2014, do 1 de agosto, sempre que se cumpran os requisitos e as demais condicións recollidos nel.

Disposición adicional única. *Formalización ao vixente orzamento da sección 34 «Relacións financeiras coa Unión Europea» de anticipos pendentes de aplicar ao orzamento en 31 de decembro de 2014.*

Autorízase a formalización ao vixente orzamento da sección 34 «Relacións financeiras coa Unión Europea» do anticipo pendente de aplicar ao orzamento en 31 de decembro de 2014, efectuado para atender o pagamento á Unión Europea de xuros de demora derivados do atraso na posta á disposición de determinados recursos propios tradicionais, por importe de 3.172.388,46 euros. O anticipo aplicarase ao crédito dotado no servizo 01, programa 943M, concepto 352 xuros de demora.

Disposición transitoria única. *Prezo unitario transitorio para o financiamento dos pagamentos por capacidade.*

Transitoriamente, os prezos unitarios para o financiamento dos pagamentos por capacidade regulados no artigo 5 que se deben aplicar para efectos de facturación no período desde o 1 de agosto de 2015 e ata o 31 de decembro de 2015, ambos incluídos, serán os seguintes:

Peaxes de acceso	Prezo unitario para o financiamento dos pagamentos por capacidade euro/kWh (b.c.)					
	P1	P2	P3	P4	P5	P6
Peaxes de baixa tensión:						
2.0 A ($P_c \leq 10$ kW).	0,005898					
2.0 DHA ($P_c \leq 10$ kW).	0,006078	0,001026				
2.0 DHS ($P_c \leq 10$ kW).	0,006078	0,001384	0,000821			
2.1 A ($10 < P_c \leq 15$ kW).	0,005898					
2.1 DHA ($10 < P_c \leq 15$ kW).	0,006078	0,001026				
2.1 DHS ($10 < P_c \leq 15$ kW).	0,006078	0,001384	0,000821			
3.0 A ($P_c > 15$ kW).	0,010669	0,005484	0,000073			
Peaxes de alta tensión:						
3.1 A (1 kV a 36 kV).	0,008194	0,004412	0,000000			
6.1A (1 kV a 30 kV).	0,008194	0,003782	0,002521	0,001891	0,001891	0,000000
6.1B (30 kV a 36 kV).	0,008194	0,003782	0,002521	0,001891	0,001891	0,000000
6.2 (36 kV a 72,5 kV).	0,008194	0,003782	0,002521	0,001891	0,001891	0,000000
6.3 (72,5 kV a 145 kV).	0,008194	0,003782	0,002521	0,001891	0,001891	0,000000
6.4 (maior ou igual a 145 kV).	0,008194	0,003782	0,002521	0,001891	0,001891	0,000000

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

O capítulo I deste real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.14.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de facenda xeral, salvo o artigo catro, que se dita ao abeiro do disposto no artigo 149.1.6.^a da Constitución en materia de lexislación procesual.

Os artigos 5 e 6 deste real decreto lei dítanse ao abeiro das competencias exclusivas que o artigo 149.1, regras 13.^a e 25.^a da Constitución, lle atribúe ao Estado en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e bases do réxime enerxético e mineiro, respectivamente.

O artigo 7 deste real decreto lei dítase ao abeiro das competencias exclusivas que o artigo 149.1, regras 7.^a e 13.^a, da Constitución lle atribúen ao Estado en materia de lexislación laboral e de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Modificación de disposicións regulamentarias.*

As modificacións que, con posterioridade á entrada en vigor deste real decreto lei, se poidan realizar respecto ás normas regulamentarias que son obxecto de modificación por parte deste poderanse efectuar por normas do rango regulamentario correspondente á norma en que actualmente figuran.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 10 de xullo de 2015.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY